

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA OITO DE MARZO DE 2011, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA

Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ

D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO

Escusan asistencia D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE

D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario

D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as trece horas e vinte minutos do día oito de marzo de dous mil once, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior


Dáse conta da acta da sesión celebrada o día un de marzo do ano que andamos, que se aproba por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 301/11 de don Jesús Fuentes Fernández

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a construción dun cerremento de parcela, de aproximadamente 65 mts de lonxitude, con base de pedra, no lugar de Outeiro, en solo de expansión de núcleo rural (N-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións; a distancia mínima para o cerramento será de 5,00 mts de distancia dende o vial municipal e de 10,50 mts en relación á estrada AC-241; garantirase o natural discurrir das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts



Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de corenta e catro euros con noventa e sete céntimos (#44,97#)

2.2.- Instancias nums. 1.894/10 e 286/11 de don Juan Cutrín Tojo

Dáse conta das citadas instancias nas que o interesado, con domicilio en San Pedro de Vilanova, solicita licenza para a ampliación da rampla de acceso á finca ata 8 mts de lonxitude en Galegos.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás condicións establecidas na autorización da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.3.- Instancia num. 110/11 de don Manuel Martínez Canicoba

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Pontevedra, solicita licenza para a construción de cerramento de parcelas, de aproximadamente 122 mts de lonxitude, con base de formigón, postes e arame, así como columnas para portal, no lugar de Argunte - San Mamede de Ribadulla, en solo rústico de agrícola (R-2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerramento será o establecido polo servizo de vías e obras da Deputación Provincial; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas, deberá obter previo ao inicio das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso: de acordo co establecido na lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 0,60 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con cincuenta e tres céntimos (#76,53#)

2.4.- Instancia num. 311/11 de don Manuel Emilio Bascoy Cebeiro

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, de aproximadamente 100 m2 en planta, consistente no cambio do tellado colocando uralita e tella, situada en Casanova, en solo de núcleo rural (N-1) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non se alterará a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter



tanto a altura da cornixa como a do cumio, así como as pendentes dos faldróns; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica. Ademais en cumprimento do artigo 3 do R.D. 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ao nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal corresponsdente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de setenta e seis euros con catorce céntimos (#76,14#)

3º.- Certificacións de obras

3.1.- Certificación num. 1 da obra de *Ampliación da rede de alumado público en Sarandón, Fornelos e Argunte (código 10.2100.0242.0)*

Dáse conta da certificación num. 1 da obra de *Ampliación da rede de alumados en Sarandón, Fornelos e Argunte* (código 10.2100.0242.0), incluída no POS 2010, e máis da factura num. 2011088 da empresa adxudicataria da mesma, Electricidad Cruceiro, S.L, por importe de trinta e un mil seiscientos trinta e tres euros con oitenta e catro céntimos (#31.633,84#).

A Xunta de Goberno acorda aprobar a citada certificación e máis a factura polos traballos relacionados na mesma.

4º.- Acordo, se procede, sobre devolución de avais

4.1.- Escrito num. 169/11 de Construmovil Gallega, S.L

Dáse conta do citado escrito no que don Miguel López Costa, en representación de Construmovil Gallega, S.L, solicita a devolución do aval constituído para responder da execución da obra de *Construcción de edificación multiusos no campo da festa de Trobe*, incluída no Fondo Estatal de Inversión Local 2010.

Dáse conta asimesmo que durante o periodo de exposición pública non se presentaron reclamacións.

A Xunta de Goberno acorda proceder á devolución do citado aval.

5º.- Acordo, se procede, sobre adxudicación do contrato de alleamento de parcela en Merín

Dáse conta do expediente tramitado para a adxudicación do contrato de alleamento, mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, un único criterio de adxudicación ao prezo máis alto (poxa) do seguinte ben inmovible: parcela 785-B resultante da parcelación da finca 785 da concentración parcelaria de Vilanova -Merín, de propiedade municipal, cuxas características son as que de seguido se relacionan

Situación: A Igrexa (Merín)

Lindeiros: norte, con camiño que a separa da Masa Común (784); Sur, con construción e parcela 511 da concentración parcelaria de labradio de Vilanova -Merín; Leste, con construción e parcela 511 de concentración parcelaria de labradio de Vilanova -Merín; Oeste, con finca matriz resultante da segregación (785-A)

Superficie aproximada: 772 m2



Cargas e gravames: Rexistralmente non constan, se ben na realidade obsérvase sobre da mesma unha edificación máis parte doutra.

Valoración técnica: 17,43 euros/m2

Dáse conta asimesmo que a durante o prazo de presentación de propostas establecido no anuncio de licitación publicado no BOP (num. 30/11, do 14 de febreiro) e no Perfil do Contratante se presentaron as seguintes:

Proposición única de D^a. Pilar Nodar Abeijón, que oferta o prezo de trece mil cincocentos un euros (#13.501,00#), que supón un prezo por encima do tipo de corenta e cinco euros con catro centimos (#45,04#).

A Xunta de Goberno acorda:

Primeiro.- Adxudicar a dona Pilar Nodar Abeijón o alleamento da parcela 785B, resultante da parcelación da finca 785 da concentración parcelaria de Vilanova -Merín, polo prezo de trece mil cincocentos un euros (#13.501,00#), ao ser a proposición económica máis vantaxosa

Segundo.- Notificar ao adxudicatario do contrato este acordo e citalo para a sinatura do contrato.

Terceiro.- Publicar a formalización do alleamento no Perfil do Contratante.

6º.- Requerimento ao licitador que presentou a mellor proposición para a adxudicación do contrato da arrendamento de lavacontedores

A Xunta de Goberno, de conformidade co artigo 135.2 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, acorda requirir a Vázquez y Garzón, S.L, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa para ser adxudicatario do contrato de arrendamento do vehículo lavacontedores, mediante procedemento negociado sen publicidade, para que no prazo de cinco días hábiles a contar dende o recibo do presente requerimento, presente a seguinte documentación:


*Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social

*Garantía definitiva (5% do importe de adxudicación, excluído o IVE)

7º.- Acordo, se procede, sobre modificación do regulamento da escola infantil municipal de Vedra.

Dáse conta da modificación do Regulamento polo que se establecen as normas de funcionamento e os aspectos de réxime interior da Escola Infantil Municipal, así como o procedemento de adxudicación de prazas na dita escola, visado pola Consellería de Traballo e Benestar, Servizo de Inspección de Familia e Menores, como consecuencia da ampliación da mesma, quedando os apartados que se modifican redactados do seguinte xeito:

--CAPACIDADE TOTAL DO CENTRO: A Escola Infantil terá como máximo 61 prazas. O centro consta de 4 unidades: unha para o grupo de idade de 0-1 anos, cunha capacidade de 8 alumnos; unha unidade para o grupo de 1-2 anos, cunha ca-



pacidade de 13 alumnos; dúas unidades para o grupo de 2-3 anos cunha capacidade para 20 alumnos por aula. Para o ingreso de máxima urxencia reservarase un 5% das prazas (3 prazas).

--SISTEMAS DE ADMISIÓN E BAIXAS: As instancias de reserva de praza.....

As familias dos nenos/as xa matriculados no centro e que desexen renovar a praza deberán facelo presentando o impreso correspondente entre o 1 e o 15 de marzo.

O prazo de presentación de solicitudes de novo ingreso será do 16 ao 31 de marzo, segundo o modelo que se facilitará no Departamento de Servizos Sociais Municipais.

--PROCEDEMENTO DE INGRESO: As solicitudes presentarane no modelo oficial que se facilitará no Departamento de Servizos Sociais do Concello.

As solicitudes de renovación de praza

Para as solicitudes de novo ingreso as prazas adxudicaranse por este orde:

1º.- Fillos de persoal que preste os seus servizos na Escola Infantil.

2º.- Fillos de persoal que preste os seus servizos no Concello de Vedra.

3º.- Solicitantes con outro irmá/an no centro.

O resto dos solicitantes de novo ingresos deberán reunir os requisitos:

1.- Estar empadroado no concello de Vedra (os proxenitores deberán estar empadroados cunha antigüidade de 1 ano, previa a data de solicitude da praza) e manterse empadroados durante o período de escolarización. De producirse a baixa no Padrón, valorarase o dereito á permanencia no centro.

...../.

--NORMAS DE FUNCIONAMENTO:

...../...

Normas de alimentación: o comedor contará con 53 prazas. Para acceder

.....

ANEXO II:

RELACIÓN DE PERSOAL:

-Unha directora (desenvolve funcións de dirección máis funcións de apoio)

-Catro educadoras

-Unha educadora de apoio

-Unha persoa encargada de cociña e limpeza"

A Xunta de Goberno acorda aprobar as modificacións recollidas no dito regulamento.

8º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

8.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data tres de marzo do ano que andamos, relativa ao cumprimento do 4º trienio das auxiliares de axuda no fogar dona Mª. Pilar Graña Campelo e dona Cristina Orosa Canicoba, con data de efecto 01/03/2011

A Xunta de Goberno dáse por enterada

8.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data catro de marzo do ano que andamos, pola que en relación co recurso contencioso-administrativo inter-



posto por Telefónica Móviles España, S.A contra a aprobación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público local polas empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, acórdase remitir o expediente á Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

9º.- Outros asuntos

9.1.- Escrito num. 335/11 da AA.VV. Unión e Progreso de San Xián de Sales

Dáse conta do citado escrito no que don Manuel Santiago Neira Gómez, en calidade de Presidente da AA.VV. Unión e Progreso de San Xián de Sales, expón que o pasado 20 de febreiro inagurouse a barbacoa veciñal e con tal motivo fíxose unha invitación a toda a veciñanza da parroquia, polo que solicita que o concello lle conceda unha axuda do 100% da factura dos pinchos servidos, que ascende á cantidade de catrocentos euros (#400,00#)

A Xunta de Goberno acorda concederlle unha axuda por importe de douscentos (#200,00#) euros

Conclúe ao fio das trece horas e cincuenta e cinco minutos

